

O Recanto

Xa teño falado de poesía nun anterior Recanto (27-VI-99), para salientar que lonxe de ser algo inútil, puro sentimentalismo, linguaxe allea á realidade e ocupada en cousas etéreas... a poesía é a forma máis sublime da linguaxe; por iso os bos poetas (literalmente "creadores") sempre foron respeitados polos seus pobos. Mesmo non faltará quen desprece a linguaxe relixiosa por ser ... poesía. En troques, poesía e teoloxía son dúas linguaxes que representan a máis fonda esculca da realidade; cando non se converten en "el coro de los grillos que cantan a la luna", que dicía Machado, ou en palabras mentireiras sobre o Misterio.

Por iso poesía e fe estiveron vencelladas desde as orixes da cultura. Non é só o

caso dos fermosísimos versos cos que nos regalaron moitos libros da Biblia xudeocristiá ("Cantar dos Cantares", "Salmos", libros de profetas como Isaías e Oseas...), senón tamén escritos sagrados máis antigos coma o "Enuma Elis", textos do antigo Exipto ("Himno a Atón"...), do hinduísmo (os libros dos Vedas, os "Upanishads"...) etc.

Sempre foi pouco doado expresar a fonda da realidade, e moito máis expresar o Misterio, o "innomeable" que supera tódalas nosas expresións. Por iso, a linguaxe poética, a linguaxe da imaxe (alegoría,

metáfora, narración...), sempre foi máis apta para dicir Deus que ningunha outra. Cando a linguaxe pretendeu encadrar a Deus en conceptos presuntamente claros e chatamente racionais, sempre o empequeneceu. Velaí a limitación dos dogmas de tódalas relixións, e a necesidade de reformulalos constantemente.

Por outra banda, a linguaxe relixiosa foi moitas veces unha palabra alienada e aínda encubridora e falseadora da Verdade, polo que deixou de ser significativa para os homes e mulleres de hoxe. En troques, os verdadeiros mensaxeiros

dunha fe relixiosa sana e liberadora, son os profetas; do mesmo xeito que os bos poetas adoitan ser xente libre, apaixonada pola verdade e a xustiza.

"No principio existía a Poesía/ e a Poesía estaba onda Deus/ e a Poesía era Deus", así escribe Xosé Antón Miguélez -cura, teólogo e poeta- en "Profecía dun Capitán Trono", un libro que vai presentar este luns día 10, ás 8 da tarde, na Galería Sargadelos da nosa cidade. Este "poeta que fai teoloxía", ou "teólogo que fai poesía", non é un autor novel, como testemuñan os centos de páxinas que leva publicado en revistas e libros, senón un escritor de madura pluma, e unha persoa consecuentemente comprometida co seu pobo.

Poesía e fe

Victorino Pérez